

# RECONDUCCIÓN A ACTITUDE POLÍTICA ANTE OS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS

Xa tiven a oportunidade de manifestar, neste mesmo medio, que en Galiza, a ampla diversidade de hábitats acuáticos, caracterizados por comunidades singulares, posibilita a existencia dun grande número de organismos de indubidábel interese, e así, numerosas especies de vertebrados, vencelladas ás augas continentais galegas e que están en clara regresión, gozan actualmente de protección legal. Pero, con todo, o descoñecemento existente sobre moitos grupos faunísticos de invertebrados e a representación case anecdótica destes organismos na lexislación de protección internacional, subministran unha visión moi parcial da diversidade biolóxica no ámbito da nosa Comunidade.

Temos constancia, segundo as referencias publicadas na bibliografía científica, de que nas augas galegas viven unhas 1300 especies repartidas entre 150 grupos de macroinvertebrados con nivel taxinómico de familia ou superior. Pero a pesar do intenso labor investigador que se ven realizando no ámbito da Hidrobioloxía, e sen perigo de seren esaxerados, podemos afirmar que esta cifra tan só supón o 30% das especies animais que constitúen o poboamento total dos nosos cursos fluviais. A información dispoñíbel indícanos que en Galiza existe non só unha grande biodiversidade, se non tamén unha grande porcentaxe de endemismos, o que outorga á nosa fauna doceacuícola un valor de conservación excepcional.


A vexetación, aínda que menos diversificada, reflicte as mesmas características especiais, Galiza conta con unha representación tamén moi diversa e con especies exclusivas do noroeste peninsular, algunhas de grande vulnerabilidade.

Non só os casos de contaminación espallados por case todas as conchas hidrográficas galegas poñen en perigo a conservación futura deste prezado patrimonio. De feito, a modificación física do hábitat como consecuencia dos aproveitamentos hidroeléctricos, de inadecuados dragados e canalizacións, ou a destrución das brañas e mananciais por obras de distinta natureza, e a construción de aberrantes paseos ou praias fluviais é xa tan frecuente nos nosos ríos, que pode ser considerada a principal causa de alteración das nosas comunidades bióticas doceacuícolas.

Ate hai pouco tempo esta situación semellaba pasar inadvertida e aínda consentida polo común da sociedade. Non sei o por qué da perda deste interese cultural polas nosas augas continentais, nin cando foi acontecendo ese cambio na mentalidade social de Galiza, tendo en conta que no noso folclore a auga é o elemento símbolo por excelencia e amósanse cheas de carga simbólica as augas das fontes, dos ríos e lagoas. Este desleixamento quizais sexa debido á aparente superabundancia local do recurso porque xa se sabe que o marabilloso, se é frecuente, deixa de chamar a nosa atención. Con todo a situación seica está a mudar e a poboación volta ao rego da sensibilidade do seu.

Daquela, a Iniciativa Lexislativa Popular en defensa dos ríos galegos é unha moi boa oportunidade para reconducir a actitude política ante os nosos ecosistemas acuáticos máis singulares, e permitirá que en adiante se adopte unha concepción moderna da administración do patrimonio natural que contemple a auga doce como o medio onde se desenvolven comunidades biolóxicas particulares e non como recurso explotábel desvencellado da biota que acubilla.

\*Fernando Cobo Gradín é profesor do Dpto. de Bioloxía Animal da Facultade de Bioloxía e Director da Estación de Hidrobioloxía da USC "Encoro do Con".



Iniciativa Lexislativa Popular

## POLA DEFENSA DOS NOSOS RÍOS

**PROMOVEN:**

ADEGA • ABENCO • Arrepiño • APDR • BNS • Burla Negra • CGT Pentevedre • CIE • Clube deportivo Miño Taxugas • COGADER • Colectivo río Arca Sevilla • Colectivo río Barcas • Colectivo río Navia • Colectivo río Ulla • Colectivo río Tines • Colectiva ríos Vilacoba e San Xusto • Confed. Galega de Vacifeos • Coord. pro 'Natureza Ourense' • Coord. do Umia • ERVA: Ecoloxistas en Acción • Fed. Galega pola Defensa da Cultura Marítima e Fluvial • FEG • Galiza Nova • Gureol • Plataforma pola Defensa do río Verdugo • Plataforma pola defensa da Ría de Arousa • Plataforma pola defensa da Ría de Vigo • Sindicato Labrego Galego • Tormauga

**Non sei o por qué da perda deste interese cultural polas nosas augas continentais, nin cando foi acontecendo ese cambio na mentalidade social de Galiza**